



**MERCADO MARIÑEIRO**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE PERSOAS**  
**AUTORIZADAS**

Nome	
Apelidos	
DNI	
Telf	
Domicilio	

DECLARA BAIXO PROMESA que se compromete baixo a súa responsabilidade a cumprir todas ás medidas de seguridade sanitarias vixentes no Mercado Mariñeiro de Sada, cumprindo os preceptos establecidos polo Ministerio de Sanidade no Protocolo para Feiras, Mercado e venta ao aire libre, así como as actualizacións que a lexislación estableza no seu momento, sendo actualmente de obrigatorio cumprimento, as seguintes:

- Uso obrigatorio de máscaras no Mercado para todas as persoas, clientes e artesáns/ as.
- Tomaranse todas as medidas de hixiene e prevención para o persoal traballador dos postos.
- Asegurarase que todos os traballadores teñan permanentemente á súa disposición nos seus postos xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade para a limpeza de mans.
- Se unha persoa traballadora empezase a ter síntomas compatibles coa enfermidade, contactará de inmediato co teléfono habilitado para iso pola comunidade autónoma ou centro de saúde correspondente e, no seu caso, co correspondente servizo de prevención de riscos laborais. O traballador colocarse unha máscara, debendo abandonar, en todo caso, o seu posto de traballo ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- O titular da actividade deberá asegurar que se adoptan as medidas de limpeza e desinfección adecuadas ás características e intensidade de uso do posto. Nas tarefas de limpeza prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes como mostrador, soportes, etc., conforme ás seguintes pautas:
  - a) Utilizaranse desinfectantes como diluciones de lixivia (1:50) recentemente preparada

ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e que foron autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta.

- b) Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección utilizados refugaranse de forma segura, procedéndose posteriormente ao lavado ou desinfección de mans. As medidas de limpeza estenderanse tamén, no seu caso, a zonas privadas dos titulares dos postos.
- No caso de que se empreguen uniformes ou roupa de traballo, procederase ao lavado e desinfección regular dos mesmos, seguindo o procedemento habitual.
- Facilitaranse formas de pago e recepción do produto sen contacto.
- Deberase dispoñer de papeleiras nas que poder depositar panos e calquera outro material refugable.
- Ditas papeleiras deberán ser limpadas de forma frecuente, e polo menos unha vez ao día.
- A distancia entre o vendedor e o consumidor durante todo o proceso de atención ao consumidor será de polo menos un metro e medio.
- O tempo de permanencia nos postos será o estritamente necesario para que os clientes poidan realizar as súas compras.
- Deberán poñer ao dispor do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.
- Evitarase a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes.
- No caso de que un cliente próbese unha peza que posteriormente non adquira, o titular do establecemento implementará medidas para que a peza sexa hixienizada antes que sexa facilitada a outros clientes. Esta medida será tamén aplicable ás devolucións de pezas que realicen os clientes.
- Non se poderá poñer ao dispor dos clientes produtos de proba non destinados á venda como cosméticos, produtos de perfumería, e similares que impliquen manipulación directa por sucesivos clientes.

En ..... a ..... de .....de 2021

(asinatura)

